

LOURDES NOYA FERREIRO, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,


CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno da USC, na sesión do día cinco de maio de dous mil once, aprobou a normativa sobre deportistas de alto nivel na USC, nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación, en Santiago de Compostela, a seis de maio de dous mil once, co Visto e Prace do Sr. Reitor.

O Reitor,



Juan J. Casares Long



NORMATIVA SOBRE DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A preocupación polo deporte xa aparece constatada no texto da nosa Constitución e a súa regulación normativa foi concretada pola Lei 13/1980, posteriormente substituída pola Lei 10/1990, de 15 de outubro, de Deporte. Esta norma no seu Título VI “Deporte de Alto Nivel”, e concretamente nos artigos 52 e 53 relaciona, por unha banda, os criterios que deberán ser tidos en conta para a determinación daquelas/daqueles deportistas que teñan a consideración de alto nivel e, por outra, detalla algunha das medidas que poidan adoptarse de cara a compatibilizar a integración do/da deportista no sistema educativo e laboral coa súa preparación ou actividade deportiva.

Así mesmo, a Comunidade Autónoma Galega, con competencias en materia deportiva, ditou a Lei 11/1997 do 22 de agosto, Xeral do Deporte de Galicia, na que se establece a regulación dos/das deportistas no ámbito autonómico de alto nivel -artigos 3 e o 46.3-.

A Lei Orgánica de Universidades (LOU) recolle no seu artigo 90 que “A práctica deportiva na universidade é parte da formación do alumnado e considérase de interese xeral para todos os membros da comunidade universitaria. Corresponde ás universidades en virtude da súa autonomía a ordenación e organización de actividades e competicións deportivas no seu ámbito respectivo. As universidades establecerán as medidas oportunas para favorecer a práctica deportiva dos membros da comunidade universitaria e, se é o caso, proporcionarán instrumentos para a compatibilidade efectiva desa práctica coa formación académica dos estudantes” .

Pola súa banda, o Real Decreto 971/2007, de 13 de xullo, regula expresamente os Deportistas de Alto Nivel e Alto Rendemento, e en particular recolle a compatibilidade da práctica do deporte cos estudos no seu artigo 9.8: *“Ao obxecto de facer efectiva a compatibilización dos estudos coa preparación ou actividade deportiva dos deportistas de alto nivel ou alto rendemento, as Administracións competentes adoptarán as medidas necesarias para conciliar as súas aprendizaxes coas súas responsabilidades e actividades deportivas. Así mesmo, as Universidades na súa normativa propia terán presente tal condición en relación aos cambios de horarios, grupos e exames que coincidan coas súas actividades, así como respecto dos límites de permanencia establecidos polas universidades e, en xeral, na lexislación educativa”.*

Igualmente, o Real Decreto 1791/2010, de 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudante Universitario, no seu artigo 62 sinala que *“as universidades facilitarán sistemas de orientación e seguimento e a compatibilidade dos estudos coa práctica deportiva aos estudantes recoñecidos como deportistas de alto nivel polo Consello Superior de*

Deportes ou como deportistas de alto nivel cualificado ou similar polas Comunidades Autónomas”.

Á vista da regulación anterior procede que por parte da USC se regulen as medidas de orde académica que faciliten a plena integración dos deportistas no mundo universitario, ao mesmo tempo que permitan garantir unha adecuada compatibilidade nos seus estudos coa súa actividade deportiva.

Por todo o anterior, o Consello de Goberno do 5 de maio de 2011, acordou aprobar a seguinte:

NORMATIVA SOBRE DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ARTIGO 1.- Obxecto e destinatarios

1. O obxecto da presente normativa é a regulación das medidas aplicables aos/as deportistas de alto nivel que cursen os seus estudos na Universidade de Santiago de Compostela, de conformidade co estipulado na Lei 10/1990 de 15 de outubro, do Deporte, e demais normas estatais e autonómicas que resulten de aplicación.

2. Para estes efectos considéranse Deportistas de Alto Nivel universitario a aquelas/aqueles que o sexan conforme normas estatais ou autonómicas e realicen práctica deportiva que sexa de interese para a Universidade de Santiago de Compostela, pola súa función representativa da Institución nas probas ou competicións deportivas de carácter universitario, local, autonómico, nacionais ou internacionais.

3. Así, terán a consideración de Deportistas de Alto Nivel da Universidade de Santiago de Compostela aquelas/aqueles que cumpran algún dos requisitos seguintes:

a) As/os que sexan na actualidade, ou foran o ano anterior, Deportistas de Alto Nivel, de conformidade co establecido no Real Decreto 971/2007, de 13 de xullo, sobre Deportistas de Alto Nivel e Alto Rendemento.

b) As/os deportistas que presenten certificación das diferentes federacións estatais deportivas que acrediten que foron convocados para representar a España na selección do Estado neste ano, ou o foran o ano anterior nalgunha competición oficial convocada por un organismo superior (Comité Olímpico Internacional, Federacións Internacionais, etc.).

c) As/os deportistas pertencentes ao plan A.D.O.

d) As/os deportistas recoñecidas/os como Deportistas de Alto Nivel pola Xunta de Galicia e que figuren recollidos no DOG.

e) As/os deportistas que, representando á Universidade de Santiago de Compostela, atópanse, durante o curso académico correspondente, entre os 3 primeiros clasificados nos Campionatos de España Universitarios do presente curso ou no anterior se estiveron matriculados na USC. No caso dos deportes de equipo, recibirán tal consideración as/os integrantes de todo o equipo. En todos os casos, estas/os deportistas deberán estar avaladas/os, individualmente, polo Servizo de Deportes da USC que comprobará que continúan na práctica deportiva.

ARTIGO 2 Recoñecemento da condición de Deportista de Alto Nivel

1. Para ser recoñecido como Deportista de Alto Nivel, deberase estar inscrito como usuaria/o no Servizo de Deportes da Universidade de Santiago de Compostela, no curso académico correspondente, indicando qué requisito dos citados no punto 1.3 cumpre para recibir tal consideración.

2. Se a modalidade deportiva que practica forma parte do programa do Consejo Superior de Deportes, deberase acudir a todas aquelas competicións nas que participe a Universidade de Santiago de Compostela durante o curso académico obxecto da convocatoria: Campionatos de España Universitarios, Campionatos Interuniversitarios, Universiada e/ou Campionato do Mundo Universitario.

3. Para ser recoñecido como Deportista de Alto Nivel da Universidade de Santiago de Compostela e acceder ás axudas que se citan neste regulamento, a/o interesada/o deberá presentar unha solicitude que inclúa os seguintes documentos:

- Instancia dirixida ao Magnífico Sr. Reitor da Universidade de Santiago de Compostela.
- O calendario deportivo anual de competicións nas que vaia participar e datos do/a adestrador/a.
- No caso das/os deportistas incluídas/os no punto 1.3, apartados A, B, C e D, terase que achegar fotocopia das listas oficiais (BOE, DOG ou páxina web) onde aparezan reflectidos os seus datos, así como fotocopia do certificado das federacións deportivas, no caso das/os seleccionadas/os estatais.
- No caso das/os deportistas do artigo 1.3, apartado e, presentarase certificación da Federación correspondente na que se indique club, equipo e categoría na que está inscrita/o a/o deportista.

ARTIGO 3 .- Axudas de ámbito académico

1.- Recoñecemento de créditos de libre elección deportivos por cada curso académico, así como recoñecemento de créditos ECTS conforme ao artigo 12.8 do Real Decreto 1393/2007 e Acordo do Consello de Goberno de 4 de xullo de 2008.

2.- Nomeamento dun/ha titor/a académico/a encargado de facer efectiva a compatibilización dos estudos coa preparación ou actividade deportiva das/os deportistas de alto nivel ou alto rendemento. A través destas/es titoras/es tramitaranse as solicitudes relativas a cambios de horarios, grupos, titorías, exames e permanencias que sexan necesarios para facer compatibles os estudos co adestramento diario. Tamén se tramitarán do mesmo xeito a asistencia ás competicións e concentracións fóra da residencia habitual do/da deportista, previo informe, de ser o caso, do Servizo de Deportes. As/os titoras/es serán profesoras/es nomeadas/os pola/o Decana/o ou Director/a do centro no que o deportista curse estudos. O nomeamento poderá ser anual ou por todo o período dos estudos da/o alumna/o. O/a titor/a representará a/o alumna/o perante as/os outras/os profesoras/es e perante os órganos académicos correspondentes. A/o titora/titor deberá presentar un informe anual sobre o labor realizado pola/o alumna/o titorizada/o.

ARTIGO 4.- Axudas de outro tipo:

Dentro das súas posibilidades, en cada momento, a Universidade de Santiago de Compostela poderá outorgar axudas as/aos Deportistas de Alto Nivel, enmarcadas nalgún dos seguintes tipos:

- 1- Axudas de tipo técnico: De cesión de material por parte do Servizo de Deportes e dentro das súas posibilidades, e de asesoramento nas labores de planificación, programación, desenvolvemento e control do adestramento, cando a/o deportista o solicite.
- 2- Axudas de acceso a instalacións deportivas: Acceso gratuíto ás instalacións da Universidade que o Servizo de Deportes considere necesarias para a súa preparación e adestramentos. Para isto, a/o deportista deberá facer a correspondente solicitude neste servizo.

ARTIGO 5.- Requisitos para o acceso as axudas

Para poder acceder ás axudas citadas as/os solicitantes deberán reunir os seguintes requisitos:

1. Ser estudante de estudos oficiais na Universidade De Santiago de Compostela ou centro adscrito, durante o curso académico obxecto da convocatoria.
2. Non estar en posesión de título universitario que habilite para o exercicio profesional, salvo cando se trate de cursar estudos de segundo ciclo, sempre que o devandito título permita o acceso ao mesmo, así como estudos de posgrao oficial ou doutoramento a tempo completo.

3. As/os estudantes de licenciatura, estudos de grao e Master deberán:

- Estar matriculadas/os nun mínimo de 30 créditos, salvo que para rematar a titulación sexa necesario matricularse nun número menor de créditos.
- Permitirase unha porcentaxe máxima de materias/créditos non superados respecto dos matriculados, do 50% en carreiras técnicas e 40% no resto das carreiras.

4. Ter a condición de deportista de alto nivel de conformidade co previsto no artigo 2 desta normativa.

5. Amosar unha adicación suficiente, a criterio do Servizo de Deportes, que deberá levar o control e supervisión correspondente.

Disposición Adicional.- A presente normativa entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Consello de Goberno da USC. Autorízase ao vicerreitor con competencias en deportes para ditar cantas resolucións sexan necesarias para facer efectivo o presente acordo.